



iniciativas no rural galego

Iniciativa	A Carqueixa S. Coop. Galega
Enderezo	Cervantes, Lugo
Web	-
E-mail	carqueixa@telefonica.net
Persoa de contacto	Sandra López
Fórmula xurídica	Cooperativa agraria

A experiencia



Trátase dunha iniciativa impulsada coa axuda do CDR Ancares, para mellorar as condicións das explotacións de carne, sobre todo no relativo aos prezos de venda. Constitúese como cooperativa agraria en 1994, polo que xa ten 20 anos de traxectoria. Os seus socios e socias pertencen a diferentes concellos da montaña lucense, na comarca dos Ancares.

É unha iniciativa herdeira dun proceso de dinamización comunitaria, cunha filosofía de abaixo cara arriba, onde os veciños e veciñas son protagonistas á hora de buscar solucións en común aos seus problemas comúns.

Unha das súas estratexias foi a inclusión das explotacións na Indicación Xeográfica Protexida Tenreira Galega e, posteriormente, a intercooperación con cooperativas de carne doutras comarcas de Galicia, creando a cooperativa de segundo grao Artesáns Gandeiros. Unha vez consolidado o obxectivo principal da comercialización, fóronse prestando outros servizos como a compra de insumos ou a comercialización de excedentes da agricultura familiar (castañas, mazás, etc.).

As orixes

A partir do ano 1990, co impulso de mestres e outras persoas, activouse un traballo de dinamización para o desenvolvemento comunitario cunha filosofía de outorgar protagonismo á comunidade, a través da creación dunha Asociación de Montaña.

Ao abeiro de diferentes programas europeos de desenvolvemento local, realizáronse actividades de formación relacionadas coa mellora do manexo das explotacións gandeiras existentes. Nas diferentes reunións, a cuestión da comercialización da carne era un tema recorrente, nun contexto onde se dependía dunha intermediación con marxes moi elevadas.

A pesar de que os estudos técnicos indicaban que era necesario facer explotacións moito máis grandes para facelas viables, os gandeiros e gandeiras insistiron en promover unha iniciativa de comercialización conxunta das súas pequenas explotacións. A fórmula xurídica que se considerou adecuada foi a de cooperativa agraria, constituída en 1994 con 27 persoas socias.



O territorio

Cervantes é un concello de montaña con 1563 habitantes, dos cales 621 teñen 65 ou máis anos, mentres que só 76 persoas son menores de 16 anos. O índice de envellecemento é de 575,2.

A principal fonte de ingresos son as pensións. No sector servizos é onde se inscriben o maior número de persoas ocupadas, seguido do sector primario, onde ten un peso específico a gandería.

Trátase dun concello moi extenso, con 276 Km² e 139 núcleos habitados, con longas distancias entre moitos deses núcleos e os servizos básicos máis próximos. Non existen liñas de transporte público e a utilización do servizo de taxi ten un custo moi alto en relación ás pensións que se perciben.

Impactos

Territorio intelixente

A través dunha fórmula cooperativa e da organización e valentía das pequenas explotacións gandeiras, así como da intercooperación con outros territorios de Galicia, conseguiuase manter a actividade gandeira como principal actividade económica da montaña dos Ancares.

Territorio inclusivo

A gandería de carne é a principal fonte de emprego, a través de explotacións familiares nas que a muller vai cobrando cada vez maior protagonismo.

Territorio sustentable

A gandería en extensivo permite a conservación da paisaxe tradicional, en particular dos pastos, e complementase con outras actividades agrarias e forestais. Todas elas permiten manter o papel da comunidade na custodia do territorio.

